

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza


Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG) por iniciativa do deputado **Henrique Viéitez Alonso** e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei en Comisión**, relativa ao conflito de emprego polo que esta atravesando a empresa Levantina radicada no Porriño.

A empresa Levantina é unha compañía trasnacional de orixe español no sector da pedra natural que tivo a súa orixe no ano 1959. Fai algo menos de cinco anos foi mercada por dúas sociedades de capital investimento, Impala Capital Partners e Chaterhouse Capital Partners e no ano 2007 integran baixo esta marca a fábrica que o grupo Graniter tiña no Porriño. Neste tempo prodúcese unha redución drástica de empregados, pasando dos 200 a menos de 150 na actualidade. Esta redución foise practicando mediante diferentes fórmulas de despedimento: baixas incentivadas, despedimentos obxectivos improcedentes, presións, etc..

Xunto a operación de compra por 500 millóns de euros e que foi financiada nunha altísima porcentaxe hai que engadirlle unha xestión nefasta, o que ten colocado nunha dificultade extrema a este grupo empresarial, ameazando agora unha rescisión de contratos na factoría que ten no Porriño.

Actualmente mantense un conflito derivado dunha situación de tentativa de novos despedimentos de xeito encuberto mediante a vulneración de dereitos sindicais e de discriminación por cuestión de xénero xa que pretenden trasladar a Alacante a sete persoas máis, das que varias están no Comité de Empresa, outras gozan de redución de xornada por fillos menores e algunha foi candidata nas



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

últimas eleccións sindicais. Cabe destacar que esta empresa ven de sufrir fortes mobilizacións e redución de persoal nos centros de traballo de Alacante.

Dado a dimensión que esta adquirindo o conflito e a posibilidade de que se agrave, e polo que formulamos a seguinte proposición non de lei en comisión dende o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego:

1ª) O Parlamento de Galiza insta ao Goberno Galego a unha inmediata e decidida actuación no conflito laboral existente na empresa Levantina do Porriño.

2ª) O Parlamento de Galiza insta ao Goberno Galego a facer cumprir a lexislación vixente e a respectar os dereitos sindicais e a eliminar a discriminación por cuestión de xénero.

Santiago de Compostela, 11 de Febreiro do 2010.

Asdo. **Henrique Viéitez Alonso**

Deputado do G.P. do BNG

Carlos Aymerich Cano

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Henrique Viéitez Alonso na data 15/02/2010 10:44:06

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 15/02/2010 10:44:28